

Sobre a previsión da Xunta de Galicia en relación coa asistencia sanitaria na atención primaria da veciñanza de Cangas

- 40012 (11/PRE-014301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre o empobrecemento da mocidade e as políticas implementadas pola Xunta de Galicia nesta materia

- 40054 (11/PRE-014302)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre a situación do transporte público por estrada e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para fomentar o seu uso

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.3. Réxime e goberno interior

2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de setembro de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado o os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Tendo en conta a situación sanitaria derivada da pandemia covid-19, a Mesa do Parlamento de Galicia, en sesión do 6 de setembro de 2022 e co acordo favorable da Xunta de Portavoces desa mesma data, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento do Parlamento (DOG núm. 204, do 8 de outubro de 2020), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar por un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación deste acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias por quen non puider asistir de forma xustificada por atoparse Galicia nunha situación de afectación grave da saúde da poboación que lle imposibilite a presenza física na sesión correspondente por comprometer a saúde das persoas.

2º. A petición, asinada por quen solicite a delegación, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia na Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas:

— Baixa: José Manuel Rey Varela

— Alta: Cristina Sanz Arias

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros no Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de setembro de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias

Advertido un erro no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 6 de setembro de 2022, polo que se habilita a presenza, o voto delegado e os demais sistemas previstos para a participación nas sesións parlamentarias, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 376, do 8 de setembro, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto 2º, onde di:

«2º) A petición, asinada por quen solicite a delegación, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara.»

Debe dicir:

«2º) A petición, asinada por quen solicite a delegación, deberá dirixirse á Mesa do Parlamento de Galicia e presentarse telematicamente no Rexistro da Cámara. O delegante deberá indicar o sentido do seu voto ao delegado e este emitirá o voto no sentido indicado polo delegante.»

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2022

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

